

ESCALAS DE AVALIACIÓN e CONFIGURACIÓN DE FICHEIROS

Límites para o envío de ficheiros a Moodle 3

Límites para o envío de ficheiros

Moodle 3.x establece os seguintes límites ao tamaño dos ficheiros que se poden subir a aula virtual. Estes límites afectan a tódolos usuarios independentemente do papel que este xogue.

Límite global da aula virtual. Este límite non se poderá superar en toda a aula virtual. Configúrase en **Administración do sitio > Seguranza > Políticas do sitio**: Tamaño máximo do ficheiro enviado. Poderemos establecer como máximo o valor límite establecido na configuración PHP dos servidores que actualmente é de 800 MBytes.

Límite predeterminado para novos cursos. É o límite que se establece como predeterminado para cando se crea un novo curso. Configúrase en **Administración do sitio > Cursos > Configuración predeterminada do curso**: Tamaño máximo de transferencia. Este valor estará limitado polo límite global da aula virtual.

Límite de curso. Para cada curso concreto pódese establecer un límite particular que nunca superará o límite global da aula virtual. Configúrase no formulario de configuración de cada curso. Este límite afectará aos ficheiros que se podan enviar ás actividades de tipo tarefa dentro dese curso.

Límite xeral aos envíos de tarefas. O módulo de Tarefa a partir de Moodle 2.3 permite establecer un límite xeral que se aplica a tódalas actividades de tipo Tarefa e que limita o tamaño dos ficheiros que se poden enviar a calquera tarefa. Este límite configúrase en **Administración do sitio > Engadidos > Módulos de actividade > Tarefa > Engadidos de entregas > Entregas de ficheiros**: Tamaño máximo da entrega. O valor máximo configurable aquí será o límite global da aula virtual. O valor por defecto é de 1MByte, valor que normalmente deberemos aumentar.


Límite aos envíos de cada tarefa. Para cada actividade de tipo tarefa pódese establecer un límite particular na configuración da propia tarefa. O valor máximo configurable estará limitado polo menor entre o límite xeral aos envíos de tarefas, e o límite do curso.

Límite predeterminado aos adxuntos nos foros. É o límite predeterminado por defecto para os ficheiros adxuntos cando se crea un novo foro. Configúrase en **Administración do sitio > Engadidos > Módulos de actividade > Foro**: Tamaño máximo do anexo. O valor máximo configurable aquí será o límite global da aula virtual.

Límite aos anexos de cada foro. Para cada actividade de tipo foro podemos establecer un límite ao tamaño dos ficheiros anexos. Este valor será sempre menor que o límite do curso.

Límite predeterminado aos envíos aos talleres. É o límite predeterminado por defecto para os envíos de ficheiros cando se crea unha nova tarefa de tipo Taller. Configúrase en **Administración do sitio > Engadidos > Módulos de actividade > Taller**: **Tamaño máximo do anexo na entrega**. O valor máximo configurable aquí será o límite global da aula virtual.

Límite aos envíos de cada taller. Para cada actividade de tipo taller podemos establecer un límite distinto ao tamaño dos ficheiros anexos. Este valor será sempre menor que o límite do curso.



Explicación de escala

Exemplos de escalas numéricas:

- “Escala de 0 a 10 sen decimais”: 0, 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10. **(11 valores distintos)** Un “0” recibirá internamente 1 punto en moodle, un “5” 6 puntos e un “10” 11 puntos).

O factor de conversión será: $\frac{([Puntuación_interna]-1)}{10}$

- “Escala de 0 a 10 con decimais”: 0, 0.5, 1, 1.5, 2, 2.5, 3, 3.5, 4, 4.5, 5, 5.5, 6, 6.5, 7, 7.5, 8, 8.5, 9, 9.5, 10 **(21 valores distintos)**. Un “0” recibirá internamente 1 punto no moodle, un “5” 11 puntos e un “10” 21 puntos).

O factor de conversión será: $\frac{([Puntuación_interna]-1)}{20}$

- Escala “Non Apto, Apto”: Non Apto, Apto **(2 valores distintos)** non apto/Apto (Non apto recibirá internamente 1 punto, Apto 2 puntos).

O factor de conversión será: $\frac{([Puntuación_interna]-1)}{1}$

- Escala “Mal, Regular, Ben”: Mal, Regular, Ben **(3 valores distintos)** Mal (1), Regular (2), Ben (3).

O factor de conversión será: $\frac{([Puntuación_interna]-1)}{2}$

- Escala “Tradicional non numérica” : Insuficiente, Suficiente, Ben, Notable, Sobresáinte. **(5 valores distintos)** insuficiente (1), Suficiente (2), Ben (3), Notable (4), Sobresáinte (5)

O factor de conversión será: $\frac{([Puntuación_interna]-1)}{4}$

Escalas

En Moodle podemos cualificar as diferentes actividades ou ítems de cualificación cunha escala numérica

(con máximos entre 1 e 100), pero tamén podemos utilizar outras escalas estándar xa predefinidas ou

utilizar as escalas personalizadas que deberemos definir previamente. Con estas escalas podemos darlles aos alumnos unha palabra ou pequena frase como forma de valorar ou proporcionar unha retroalimentación aos alumnos.

Vista

Desde o submenú vista dentro das apartado escalas mostrásenos as escalas estándar (definidas

polo Administrador do sitio) e as escalas personalizadas (son as definidas polo profesor e pódense

usar só para avaliar as actividades do curso). Desde esta páxina podremos engadir novas escalas ou

modificar ou borrar as xa existentes.

Administración das cualificacións > [Escalas](#)

Ver

Escalas do curso

Escalas personalizadas

Escalas estándar

Escala	Usado	Editar
Formas de aprendizaxe individual e colectiva Maioritariamente sabendo separado, Separado e conectado, Maioritariamente sabendo conectado	Non	 
Default competence scale Not yet competent, Competent	Non	 

Engadir unha nova escala

Ver

Escalas do curso

Escalas personalizadas

Escalas estándar

Escala	Usado	Editar
Formas de aprendizaxe individual e colectiva Maioritariamente sabendo separado, Separado e conectado, Maioritariamente sabendo conectado	Non	 
Default competence scale Not yet competent, Competent	Non	 

Engadir unha nova escala

Crear escalas

Para crear unha escala podemos acceder dente Cualificacións > informe cualificador desplegar este informe e premer en ver escalas.

The screenshot shows the Moodle interface. On the left is a sidebar with a menu. The main content area is titled 'Ver: Preferencias: Informe do cualificador'. Below the title is a breadcrumb trail: 'Panel de control / Cursos / Miscellaneous / curso2 / Administración das cualificacións / Informe do cualificador'. The main heading is 'Informe do cualificador'. Below it is a dropdown menu for 'Grupos visibéis' set to 'Todos os participantes'. Below that is 'Todos os participantes: 20/20'. There are two rows of buttons for 'Nome' and 'Apellido', each with a 'Todo' button and letters A through R. Below these is a table with columns: 'Apellido', 'Nome', 'Enderezo de correo', and 'Depo'. The table has two rows of data for 'alumno26' and 'alumno27'. A red arrow points from the 'Cualificacións' menu item in the sidebar to the 'Informe do cualificador' page. Another red arrow points from the 'Ver' button in the 'Escalas' dropdown menu to the 'Ver' button on the page.

curso2

Participantes

Insignias

Competencias

Cualificacións

Panel de control

Inicio do sitio

Calendario

Ficheiros privados

Administración do sitio

Engadir un bloque

Ver: Preferencias: Informe do cualificador

Panel de control / Cursos / Miscellaneous / curso2 / Administración das cualificacións / Informe do cualificador

Informe do cualificador

Grupos visibéis: Todos os participantes

Todos os participantes: 20/20

Nome: Todo A B C D E F G H I L M N Ñ O P Q R

Apellido: Todo A B C D E F G H I L M N Ñ O P Q R

Apellido	Nome	Enderezo de correo	Depo
alumno26	alumno26	nonresponder@edu.xunta.es	inf6a
alumno27	alumno27	nonresponder@edu.xunta.es	inf6a

Informe do cualificador

Ver

- Informe do cualificador
- Historial de cualificacións
- Informe de resultados
- Vista xeral do informe
- Vista individual
- Informe do usuario

Categorías e elementos

- Axustes do libro de cualificacións
- Configuración da cualificación do curso
- Preferencias: Informe do cualificador

Escalas

- Ver

Letras

- Ver
- Editar

Importar

- ficheiro CSV
- Pegar dende folia de cálculo

Prememos sobre ver e aparecen todas as escalas que temos creadas.

Para crear unha nova escala pulsaremos sobre Agregar unha nova escala. Definiremos entón as seguintes opcións da escala:

Escala

Nome: Poñemos un nome descritivo para a escala de modo que nos sexa fácil identificala. Este nome aparecerá nas listas de selección de escalas.

Escala estándar: Unha escala estándar é unha que está dispoñible globalmente no sitio, para todos os cursos.

Escala: Poñeremos aquí os valores da escala de menor a maior separados por comas. Por exemplo: Moi en desacordo, En desacordo, Indiferente, De acordo, Totalmente de acordo. É importante ordenar correctamente os valores de menor a maior. É interesante notar que Moodle para facer cálculos trata estas cualificacións coma se fosen numéricas. Así pois a escala cualitativa do noso exemplo é "vista" por Moodle como 1, 2, 3, 4, 5.

Descrición: É un texto explicativo do que significan os diferentes niveis da escala e como deberían utilizarse. Esta descrición aparecerá xunto co nome nas páxinas de axuda para profesores e estudantes.

No caso de que queiramos utilizar unha escala personalizada en máis cursos, debemos convertela a unha escala estándar editando a mesma e marcando a casa correspondente. Se un profesor para usado algunha

escala no curso só poderase editar o Nome e a descrición da mesma.

Finalmente pulsaremos Gardar cambios. Unha vez gardásemos a escala, ao configurar calquera actividade atoparemos dita escala dentro do menú despregable de Cualificación.

Banco de rúbricas do cedec

Prema na ligazón <https://cedec.intef.es/banco-de-rubricas-y-otros-documentos/> para abrir o recurso.